




1. EMPRAZAMENTO



DATOS XERAIS

Comarca: Rías Altas. Sector: Ría de Viveiro. Municipios: Viveiro e O Vicedo. Parroquias: San Xoán de Covas (Viveiro) ao sur e Santa María de Suegos (O Vicedo) ao norte. Extensión: 4,15 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Enseada encaixada por motivos tectónicos, presenta un aspecto cuadrangular pola importancia das liñas tectónicas meridianas. Contén un sistema praia-duna cunha área hidromorfa traseira. Cara a atrás ábrese dous sucos seguindo as fracturas, que se van abrindo vertente arriba ata alcanzar suavemente as difusas elevacións costeiras. A depresión atópase entre dous bloques elevados e basculados cara ao leste, polo que as vertentes encaixantes son disimétricas.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade pertence ao dominio do Ollo de Sapo, representado por filitas do Ordovícico medio e superior, que ocupan gran parte da unidade, e por unha banda de cuarcitas en bancos continuos, tamén ordovícicas, na parte máis occidental da unidade entre Suegos e Folgueiro. A cobertura sedimentaria componse de praia e duna na fronte costeira e aluviais no val baixo do Rego de Escourido.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperaturas medias anuais superiores a 14°C e precipitacións acumuladas entre 800 mm e 1000 mm indican un ambiente climático Cálido e Seco. Cara ao sur, nas vertentes que pechan a unidade, chéganse a alcanzar os 1200 mm de precipitación anual.

OS SOLOS

Arenosoles álbicos e háplicos no complexo sedimentario. Cara ao interior fórmanse solos do tipo acrisol órtico relacionados co substrato de filitas e xa nas vertentes obsérvase a catena ascendente de cambisoles, umbrisoles e regosoles.

AS AUGAS

Unidade que se estende polo curso medio-baixo do Rego de Escourido cuxo tramo final é rectilíneo e disimétrico en relación coa rede de fracturas. Por iso os principais tributarios chegan á súa marxe esquerda. As augas verten á masa de Augas Costeiras da Ría de Viveiro (20107) ao redor da praia da Abrela.

O PATRIMONIO NATURAL

Costa do IBA Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares. Toda a liña de costa da unidade está protexida polo LIC Costa da Mariña Occidental. Os hábitats de maior interese atópanse nas proximidades da fronte costeira. Así, un extenso intermareal areoso implica o 1140, Chairros lamacentos ou areosos que non están cubertos de auga cando hai marea baixa. As dunas achegan o consabido grupo 21, Dunas marítimas das costas atlánticas. Unha extensa área hidromorfa de máis de 5 ha tras as dunas, que puido ser unha lagoa costeira (1150) antiga, agora ategada. As principais masas de frondosas autóctonas, pertencentes á categoría de masas de recolonización, atópanse nas agras de San Román de Vale, moi próximas ao cordón dunar.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A distribución dos usos do solo é a seguinte atendendo ás características orográficas da unidade: O uso forestal, procedente de masas de repoboación, distribúense sen solución de continuidade sobre os relevos máis destacados do sur e ladeiras do Monte O Plantio ao leste e o seus contrafortes cara ao interior da unidade; os espazos de cultivo, tres ben definidos dende a costa cara ao interior, sobre os terreos máis chairros diferenciándose entre si por bandas perpendiculares de vexetación forestal; insertos nestes espazos de cultivo localízanse os asentamentos de poboación que tradicionalmente cultivaron e mantiveron esas agras. Á marxe dos asentamentos tradicionais, obsérvase un uso produtivo relacionado coa silvicultura próximo á estrada N-642 e novas edificacións ligadas a un uso turístico moi próximas á Praia de Abrela.

MORFOLOXÍA

Existen unha serie de asentamentos de carácter tradicional formando agrupacións ben definidas en cada unha das agras localizadas na unidade. Á marxe destes, que responden ao modelo tradicional, detéctase unha proliferación de edificacións de carácter espontáneo nas zonas próximas ao mar ao redor da N-642, ao sueste da unidade, coincidindo coa "ventá" que se abre á Enseada de San Xoán, e sobre todo, nas proximidades da Praia Abrela, incidindo especialmente sobre o sector occidental do areal e proximidades do asentamento de Suegos, pero sen relacionarse con el. Neste sector estase a producir unha proliferación de edificacións de carácter unifamiliar con peche individual para un uso principalmente estacional. En xeral, pódese afirmar que a agra máis próxima á praia é a que está a ser obxecto dunha maior ocupación e transformación xerando un asentamento disperso á marxe do tradicional preexistente.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Aínda que as principais infraestruturas son a vía do ferrocarril de FEVE e a N-642, ambas as dúas atravesan a unidade practicamente pola metade cunha orientación sueste-nordeste aproveitando o val aberto polo Río Escudeiro no seu tramo medio antes de atoparse co bloque levantado da Punta de Louseira e lle obriga a cambiar o seu rumbo cara ao norte para desaugar xunto a este relevo, no sector oriental da Praia Abrela. Precisamente o val aberto polo Río Escudeiro no seu tramo final, é o que aproveita o trazado da estrada LU-6412 para comunicar todo o sector norte de modo perimetral: dende a N-642 á altura de Escourido parte cara ao norte, relacionando os asentamentos do interior, ata alcanzar a Praia de Abrela, a cal percorre en sentido lonxitudinal ata o seu extremo occidental (Suegos), e dende aquí retorna cara ao sur pola base do Monte da Vela e do Plantío ata enganchar de novo coa N-642.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Entre os elementos patrimoniais de carácter arqueolóxico, destaca a localización do Castro de Castrobo, nas inmediacións do Monte da Vela, sobre o núcleo de Suegos. En canto ao patrimonio catalogado como ben de interese cultural, destacan os elementos de carácter relixioso localizados nos asentamentos tradicionais da Torre -cruceiro- e Suegos -Cruz de Pardifeira, Cristo de Seixo, Cristo de Novás e igrexa parroquial de Santa María.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O conxunto da unidade combina sectores netamente tradicionais cara ao interior, con outros que a partir do sistema tradicional herdado, presenta importantes modificacións derivadas da súa localización próxima a un sector de costa de gran calidade ambiental que inclúe un extenso areal e asociado a el, un cordón dunar que realza, aínda máis se cabe, o seu poder de atracción como recurso turístico e de ocio. Ao longo desta fronte é precisamente onde parecen acumularse as principais tensións. Pódese afirmar que este territorio conserva boa parte dos seus valores orixinais, posiblemente debido a que se atopa afastado da principal vía de comunicación da costa occidental de Lugo, N-642, e entre dous importantes centros de atracción turística, como son Viveiro ao leste e O Vicedo ao oeste. Ademais, a súa presenza na Ría de Viveiro é apenas perceptible pois se encaixa entre a Punta da Louseira ao leste e Punta Sucastro ao oeste, mantendo semiculta a Praia de Abrela.

DINÁMICA DA PAISAXE**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Trátase dun territorio que, en termos xerais, se atopa nun bo estado de conservación e mantén a maior parte das características propias do modelo tradicional onde se combinan os espazos de cultivo -agras directamente relacionadas coa existencia de asentamentos orixinais- coas masas forestais que, hoxe en día, proceden na súa maior parte de labores de repoboación, aínda que non exclusivamente, pois existen ademais masas de recolonización interesantes, así como trazos de vexetación de ribeira no leito do río Escudeiro. Non obstante, o elemento de maior valor ambiental que alberga a unidade, é o sistema praia-duna-lagoa costeira. En efecto, a Praia de Abrela ten especial interese pois aínda que a súa morfoloxía se repita ao longo da costa galega -extenso areal, campo dunar e desembocadura fluvial- neste caso ademais coexisten, unha lagoa traseira coñecida como Lagoa dos Amidales, que é na actualidade, unha área húmida de grande interese biolóxico e ornitolóxico, e a desembocadura do Río Escudeiro, que orixina un esteiro de reducidas dimensións. O LIC e ZEPVN da Costa da Mariña Occidental inclúe o areal e boa parte do cordón dunar, pero non así o espazo da lagoa traseira que quedou desconnectada do sistema polo trazado da estrada LU-6412 que dá acceso a pé de praia. Á marxe destes valores naturais a unidade conta con asentamentos tradicionais que aloxan interesantes elementos de patrimonio cultural. Calquera dos dous relevos que favorecen o encaixamento da unidade, Monte da Vela ao oeste ou Alto de Louseira ao leste, son bos lugares para apreciar os trazos descritos e experimentar a beleza desta paraxe.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCÍONS























A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN







Crecementos espontáneos no ámbito da Praia de Abrela nas proximidades á Punta de Alegrín, co obxectivo de ordenar os usos do solo e evitar a implantación de novas vivendas unifamiliares na fronte costeira que impida a contemplación do horizonte desvalorizando a imaxe do conxunto, mellorar tanto no que se refire ás súas características ambientais como ás relativas á harmonía e calidade da paisaxe.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo









- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantís / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



